

## ESCALETA PODCAST “AS AVENTURAS DO AVÓ MANUEL”.

### MODALIDADE I: ED. INFANTIL, 1º E 2º DE ED. PRIMARIA.



TEMPO XERAL	TEMPO PARCIAL	QUEN FALA?	QUE SE DI?	QUE SONS SE ESCOITAN?
0-6"	6"			AUDIO 1: Canción de fondo Canción: Fairy Tail, del famoso compositor japonés Takanashi Yasuharu. <a href="https://soundcloud.com/cjk-it/happy-no-theme">https://soundcloud.com/cjk-it/happy-no-theme</a>
6"-22"	16"	LOCUTORA	Bos días a todos! Benvidos a un novo programa de Radio Voceiro, na 99.9 da FM Rodeiro. Hoxe temos connosco ao contacontos Falabarato. Benvido á nosa emisora!	
22"-24"	2"	CONTACONTOS FALABARATO	Grazas. Oola rapaces!	
24"-26"	2"	PÚBLICO	Olaaa!	
26"-29"	3"	LOCUTORA	Que historia nos traes hoxe, Falabarato?	
29"-36"	7"	FALABARATO	Pois vouvos contar unha que lle sucedeu a Xela Arias. Vós sabedes quen é?	
36"-38"	2"	PÚBLICO	Noooooon!!!	
38"- 1' 04"	25"	FALABARATO	<p>Pois é a escritora á que lle dedican as letras galegas este ano. Ela, cando tiña os vosos anos, pasaba horas e horas ao pé da lareira escoitándolle as aventuras ao avó Manuel , que alimentaba con contos de aparecidos, lobos e feirantes, a imaxinación famenta da rapaza.</p> <p>Imos empezar o conto, logo... A ver, necesito unha voluntaria que queira facer de Xela.</p>	

1' 04''- 1' 06''	2''	PÚBLICO	Eu, eu, a min, a min, eu...	
1' 06''- 1' 09''	3''	FALABARATO	A ver... ti! Como te chamas?	
1' 09''- 1' 10''	1''	CARLA	Carla.	
1' 10''- 1' 14''	4''	FALABARATO	Pois agora pasarás a chamarte Xela e vas interpretar o seu papel.	
1' 14''- 1' 16''	2''	CARLA	E que teño que dicir?	
1' 16''- 1' 41''	25''	FALABARATO	É moi faciliño, les onde pon "Xela". Estes dous axudantes que traio hoxe, van ser os teus avós.  Comezamos: imaxinade unha noite de xistra e vendaval na aldea de Vilerma. (AUDIO 2).  Entra o avó na cociña onde está Xela coa súa avoa... (AUDIO 3).	AUDIO 1: Canción de fondo (hasta 1' 41''). ( <a href="#">Fairy Tail</a> )  AUDIO 2: Son de xistra e vendaval (1' 31''- 1' 35'').  AUDIO 3: Son de chaves (1' 38''- 1' 41'').
1' 41''- 1' 58''	17''	AVÓ	Xeliña, vaia noite de cans que vai caer! (AUDIO 4). Non poñas os pés fóra que hoxe parece que morde o frío. Aínda me lembro cando indo para a feira de Mondoñedo coa miña besta, escoitei os sons dos lobos. (AUDIO 5).	AUDIO 4: Son de choiva (1' 44''- 1' 49'')  AUDIO 5: Son de lobos. (1' 56''- 1' 58'')
1' 58''- 2' 01''	3''	XELA	Guau, atacáronte os lobos, avó?	
2' 01''- 2' 05''	4''	AVOA	Non lle metas o medo á rapaza no corpo, home, que despois non adormece de noite !	
2' 05''- 2' 13''	8''	XELA	Deixa que conte, avoa, que non son ningunha cagarolas! Quen me dera andar de feira en feira contigo!	
2' 13''- 2' 24''	11''	FALABARATO	E agora o avó comezou a contar aquela vez na que un lobo enganhou pola pata traseira á besta, e case non o contan...	

			Rapaces, vós sabedes como ouvea o lobo?	
2' 24"- 2' 27"	3"	PÚBLICO	Aaaaauuu!!!!!!	
2' 27"- 2' 35"	8"	FALABARATO	Moi ben! Sodes uns lobos magníficos! Pois agora ides escoitar como era o lobo desta historia.	
2' 35"- 3' 10"	35"	AVÓ	(AUDIO 1) Pois mira, ía eu subindo polo monte Páramo cando escoitei rebulir detrás (AUDIO 6) dunha silveira, e dixen...quen anda aí? De súpeto, púxose diante nosa unha cousa que na miña vida vira: (AUDIO 7).  Tiña orellas de rato e rabo de gato, bico de pito e ollos de mico, patas de sapo e pelo de cazapo.  Nese intre, o meu cuíño fixo un ruidiño. (AUDIO 8).  Eu abraiado, preguntei... E logo ti...quen ves sendo?	AUDIO 1: Canción de fondo (2' 35"- 3' 10"). ( <a href="#">Fairy Tail</a> )  AUDIO 6: Son de silveira (2' 41"- 2' 44").  AUDIO 7: Son caída/aparición (2' 50"- 2' 52").  AUDIO 8: Son de peido (3' 04"- 3' 05").
3' 10"- 3' 20"	10"	LOBO	Haaa!! Son o lobo Secundino ! E como máis ca un porco para o San Martiño. Parece mentira que non me coñezas!	AUDIO 1: Canción de fondo ( <a href="#">Fairy Tail</a> )
3' 20"- 3' 24"	4"	AVÓ	Pero como vas ser ti un lobo?... Demóstramo co teu ouveo!	
3' 24"- 3' 29"	5"	LOBO	Pois prepárate. (AUDIO 9). (AUDIO 10).	AUDIO 9: Son de carraspeo (3' 25"- 3' 27").  AUDIO 10. Son de burro (3' 27"- 3' 29").
3' 29"- 3' 34"	5"	ESPONTÁNEO 3 ANOS	Pero iso non é un lobo, é un burro.	AUDIO 1: Canción de fondo. ( <a href="#">Fairy Tail</a> )
3' 34"- 3' 38"	4"	AVÓ	Ha,ha,ha!... Ti non es un lobo nin es nada oh !	

3' 38''- 3' 48''	10''	FALABARATO	E o lobo enrabeado meteulle un bocado na pata a pobre besta....e o avó Manuel díxolle.... Porque... sabedes o que hai que dicir para que escape un lobo, non?	
3' 48''- 3' 50''	2''	PÚBLICO	Nooonnn!	
3' 50''- 3' 58''	8''	FALABARATO	“Lobo, vaite pra atrás, con este meigallo, ti fuxirás”. Veña, repetide todos comigo.	
3' 58''- 4' 07''	9''	PÚBLICO	“Lobo, vaite pra atrás, con este meigallo, ti fuxirás”. (AUDIO 11).	AUDIO 1: Canción de fondo. ( <a href="#">Fairy Tail</a> )  AUDIO 11: Son de feitizo. ( 4' 06''- 4' 07'').
4' 07''- 4' 11''	4''	FALABARATO	E así foi como o avó de Xela se librou de ser comido.	AUDIO 1: Canción de fondo ( <a href="#">Fairy Tail</a> )
4' 11''- 4' 21''	10''	XELA	Que historia tan alucinante, avó! Algún día escribirei un libro lembrando estas historias que me contades.	
4' 21''- 4' 25''	4''	AVOA	Pois mentres non chega ese día, rapaciña, hai que ir durmir que xa son horas.	
4' 25''- 4' 44''	19''	FALABARATO	E aquela noite foi como Xela coñeceu a historia dos lobos e o avó Manuel. A verdade é que non deu adormecido, mais non polo medo, senón polas ansias de vivir tantas aventuras coma o seu avó.  E isto foi todo, rapaces. Volverei outro día traervos novas historias.	
4' 44''- 4' 56''	12''	LOCUTORA	Pois isto é todo por hoxe. Non perdades a sintonía de Radio Voceiro, na 99.9 da FM Rodeiro.	
4' 56''- 4' 59''	3''			